

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA DE AXUDAS PARA TRANSPORTE DIARIO DE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS/AS DE FERROL ÁS FACULTADES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NOS CAMPUS DA CORUÑA. BONO BUS UNIVERSITARIO CURSOS ACADÉMICOS 2020-2021 E 2021-2022.

1.- OBXECTO

As axudas para bono-bus universitario teñen como finalidade subvencionar o desprazamento diario, ida e volta no mesmo día, dos/as veciños/as do Concello de Ferrol, matriculados/as nas diferentes Escolas ou Facultades da Universidade da Coruña, nos Campus da Coruña.

2.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A concesión destas axudas efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, con suxeción ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, regulamento que a desenvolve, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e co límite orzamentario dispoñible.

3.- ORZAMENTO ECONÓMICO

3.1.- As axudas que se concederán na presente convocatoria importan a cantidade de 24.255,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 05003-3263-48000.

3.2.- A percepción de axuda municipal do bono bus universitario é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o/a beneficiario/a obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe xuntamente co da axuda municipal, non supere en ningún caso o custo total da actividade subvencionada.

4.- BENEFICIARIOS/AS

Os/as beneficiarios/as desta axuda serán os/as estudantes veciños/as de Ferrol, que figuren matriculados/as na Universidade de A Coruña, nos campus de A Coruña, sempre que así o soliciten e figuren empadroados/as en Ferrol, **durante todo o curso académico** para o que soliciten a axuda, non superen os umbrais de renda que se establecen nas bases e cumpran as condicións da convocatoria.

O incumprimento de calquera destes requisitos suporá a perda do dereito a percibir a bolsa concedida.

5.- LUGAR E PRAZO DE SOLICITUDE

As solicitudes se presentarán no Rexistro Xeral do Concello, conforme ao modelo oficial facilitado polo Concello, na súa sede electrónica ou por calquera outro dos medios previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no B.O.P.

No caso de traslado forzoso poderán solicitar a axuda fóra do prazo, coa previa xustificación documental do traslado.

6.- DOCUMENTACION A APORTAR POLO/A SOLICITANTE

Á solicitude, segundo modelo oficial facilitado polo Concello, deberá acompañarse de:

1. Fotocopia cotexada do DNI ou NIF do/a solicitante.
2. Fotocopia cotexada do resgardo de matrícula do curso correspondente á convocatoria do bono bus universitario, e da tarxeta de estudante.
3. Fotocopia cotexada da Declaración da Renda de tódolos membros da unidade familiar. No seu defecto, certificación de ingresos anuais da Seguridade Social (no caso de pensionistas), ou do Servizo Público de Emprego-SPE (no caso de desempregados/as).
4. Declaración responsable de que os ingresos da unidade familiar no presente exercicio non se incrementaron respecto dos reflectidos na/s declaración/s da renda presentada/s. En caso contrario, acreditación dos ingresos reais do presente ano.
5. Declaración responsable de non recibir bolsa ou axuda para o mesmo concepto ou da súa percepción, no seu caso, con indicación da procedencia, concepto e contía.
6. Declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello), e coa Seguridade Social, así coma non ser debedor de obrigas por reintegro de subvencións.
7. Declaración responsable de non estar incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiario ou percibir axudas da Administración, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.
8. Autorización ao Concello de Ferrol para realizar as consultas necesarias do Padrón municipal co obxecto de verificar o requisito do empadronamento en calquera momento do curso académico.
9. Autorización ao Concello de Ferrol para realizar o pagamento da subvención á empresa de transporte que presta o servizo.

7.- CRITERIOS DE CONCESIÓN

O criterio de valoración será que a unidade familiar da persoa solicitante non supere os seguintes límites máximos de base imponible por unidade familiar:

Núm. de membros da unidade familiar	Límite máximo de base imponible por unidade familiar
1 ou 2	19.000,00 €
3	21.000,00 €
4	23.000,00 €
5	25.000,00 €
6	27.000,00 €
7	29.000,00 €
8	31.000,00 €

Cando sexan dous irmáns os/as usuarios/as do bono bus, o/a primeiro/a deles/as terá dereito á bonificación, mentres que para o/a segundo/a outorgaráselle sempre que a base imponible por unidade familiar non supere os 34.000,00 €.

No caso de familias que teñan tres ou máis fillos/as cursando estudos universitarios, todos/as aqueles/as que utilicen o bono bus terán dereito á bonificación, sempre que a base familiar non supere os 49.000,00 €.

No suposto de que unha vez aplicado o anterior baremo ás solicitudes presentadas o número de bolsas non chegara a 35, concederanse as restantes ata chegar a este número por orde de menor a maior ingresos, repartíndose proporcionalmente o importe da bolsa no suposto de se producir un empate entre dous ou máis solicitantes. En todo caso, non se concederá ningunha bolsa cando a base impoñible da unidade familiar supere o dobre das cantidades indicadas no parágrafo primeiro.

No caso de que as condicións económicas varíen con respecto ao ano anterior ou de se producir casos extraordinarios dentro das unidades familiares, deberase informar destas circunstancias para o seu estudo e no seu caso valoración da procedencia do mantemento, concesión ou revogación da axuda do bono bus.

8.- DEFINICIÓN DE UNIDADE FAMILIAR ÓS EFECTOS DE BONO BUS. MEMBROS COMPUTABLES.

8.1.-Para o cálculo da renda familiar a efectos desta convocatoria, serán membros computables da familia o pai e a nai, o titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor, no seu caso; o solicitante, os irmáns solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade, así como os/as ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se considerarán membros computables o cónxuxe ou, no seu caso a persoa a que estea unida por análoga relación (sexa parella de feito rexistrada ou non) así como os/as fillos/as se os houberse que convivan no mesmo domicilio.

8.2.-No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co/ca solicitante de beca. Non obstante, no seu caso, terá a consideración de membro computable e sustentador/a principal o/a novo/a cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio incluíranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares.

Cando o réxime de custodia dos/das fillos/as sexa o de custodia compartida consideraranse membros computables o pai e a nai do solicitante, os/as fillos/as comúns e os/as ascendentes do pai ou da nai que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os/as anteriores co certificado municipal correspondente.

8.3.-Nos supostos en que o/a solicitante da bolsa ou axuda sexa un/unha menor en situación de acollemento será de aplicación á familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores. Cando se trate dun/dunha maior de idade terá a consideración de non integrado/a na unidade familiar para estes efectos.

8.4.-Nos casos nos que o/a solicitante alegue a súa emancipación ou independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar documentalmente esta circunstancia, e que conta cos medios económicos propios suficientes que lle permitan a súa independencia así como a titularidade ou aluguer do seu domicilio habitual.

En caso contrario, e sempre que os ingresos acreditados resulten inferiores aos gastos soportados en concepto de vivenda e outros gastos considerados indispensables, entenderase non probada a independencia polo que para o cálculo da renda e patrimonio familiar a efectos de axuda ao transporte computaranse os ingresos correspondentes aos membros computables da familia a que se refiren os apartados 1 e 2 deste artigo.

9.-ORGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A concesión ou denegación das axudas aprobarase mediante resolución do concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas, previo informe da Comisión de Valoración e da proposta motivada do negociado de Educación e Universidade.

A Comisión de Valoración estará formada por:

- O concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas.
- A xefa do negociado de Educación e Universidade.
- A técnica de Educación.

O prazo máximo para resolver será tres meses a partir da data de solicitude, agás que sexa necesario requirir datos aos solicitantes, e se suspenda o procedemento por tal causa, nos termos establecidos no art. 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, o solicitante poderá entender desestimada a súa petición.

10.- CONTÍA E PAGO DA AXUDA

O pago destas axudas realizarase mediante unha bonificación, ó/a beneficiario/a, do 50% do importe do bono no traxecto Ferrol-A Coruña-Ferrol, correspondente aos períodos de clases sinalados no calendario oficial da Universidade da Coruña.

A estes efectos, darase traslado da relación de beneficiarios/as á empresa que presta o servizo de transporte á Universidade de A Coruña, no Campus de A Coruña, quen:

- Realizará o desconto do 50 % do custo de cada bono bus de transporte, no intre en que o/a beneficiario/a o adquira.
- Facturará mensualmente ó Concello o 50% correspondente ás bolsas concedidas en cumprimento do convenio que se formalice para a prestación do servizo de “Transporte de estudantes universitarios á Universidade da Coruña (UDC) empadroados no Concello de Ferrol” durante os cursos obxecto das presentes bases.

Unha vez resoltos os expedientes, o negociado de Educación e Universidade remitirá á Universidade de A Coruña a relación de beneficiarios/as, para que realicen as comprobacións que estimen oportunas e o posterior pagamento da súa porcentaxe ó Concello de Ferrol, en virtude do convenio asinado a tales efectos.

11.- RECURSOS

Contra a concesión ou denegación das axudas reguladas nas presentes bases poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

12.- PUBLICACIÓN DAS BASES

As presentes bases publicaranse na páxina web do Concello de Ferrol (www.ferrol.gal) e na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

O concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación,

Universidade, Deportes e Festas,